

en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguridade vial, posto que o firme en mal estado unido ao seu trazado excesivamente sinuoso poñen en perigo vehículos e peóns no caso de producirse algún incidente.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de xuño de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de trazado do acondicionamento da estrada PO-250, treito: Pazos de Borbén-Fornelos (clave: PO/01/008.01.1).

Santiago de Compostela, dezasete de xuño de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Alberto Núñez Feijoo
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 14 de xuño de 2004 pola que se modifica o artigo 2 da Orde do 30 de xaneiro de 2004 ampliando o importe do anexo IV relativo a axudas complementarias do programa de acción da Unión Europea de mobilidade de estudantes (Sócrates-Erasmus).

A Orde do 30 de xaneiro de 2004 (DOG nº 30, do 12 de febreiro), pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de axudas para o estudo e accións de apoio económico aos estudantes universitarios correspondentes ao curso académico 2003-2004, establece no seu artigo 2 a contía que se destinará para a concesión destas axudas.

Porén, a citada convocatoria, no mesmo artigo establece que a cantidade destinada a cada unha destas axudas poderá ser incrementada de acordo coas disponibilidades económicas da consellería.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase a contía que figura no artigo 2 da Orde do 30 de xaneiro de 2004 na cantidade

de trinta e seis mil novecentos sesenta euros (36.960 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 07.05.322C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004, que se destinará para o anexo IV da citada orde, de acordo coa seguinte distribución:

Anexo IV: 36.960 euros.

Segundo.-Esta modificación non afecta os prazos establecidos na referida orde de convocatoria.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 21 de xuño de 2004 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para persoal auxiliar de investigación mariña (técnicos especialistas en FP-2 e ciclos formativos de grao superior) que se encadran no Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

A Lei 12/1993 de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1 establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a dita lei no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico. O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 14 de marzo de 2002 aprobou o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005).

O plan está integrado por programas xerais, sectoriais e horizontais. Dentro dos programas horizontais figura o Programa de recursos humanos que ten entre outros obxectivos o de incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+I tanto en número como en especialización nas áreas de maior interese, e dentro dos programas sectoriais o Programa de recursos mariños persegue a utilización óptima dos recursos mariños, incluíndo a determinación das bases técnicas da xestión, actuando sobre dúas áreas fundamentais, a pesca e a acuicultura que exixen unha cada vez máis forte presenza de persoal con altos niveis de formación e experiencia.

Nesta orde procésase a convocatoria de bolsas para técnicos especialistas de FP-2 e técnicos superiores co fin de completar a súa formación como persoal auxiliar de investigación mariña garantindo a oportunidade de participar en experiencias e programas específicos de investigación e facilitándolles unha preparación práctica cualificada, que é de probada utilidade para a súa inserción posterior na vida empresarial.